

# Educación Musical (Infantil)

Proposta de actividade (voluntaria).

## Memory auditivo

**Materiais:** botes opácos con tapa ou tapón, coma por exemplo de bebibles, fabas, lentellas, pedras pequenas, graba fina, canicas, moedas ...

### Desenvolvemento:

Esta semana propoñemos a construción de un Memory auditivo, para fabricalo:

- Collemos os botes e emparellámoslos de dous en dous introducindo o mesmo material e a mesma cantidade en cada parella. (Máis ou menos para que ó axitalos soen moi similar)
- Cando xa estean todos preparados pechámolos coa tapa e pintámolos ou decorámolos de xeito diferente, de maneira que ningún se pareza entre sí.
- Finalmente podemos axitar e polo son que emiten discriminaremos uns de outros e xuntámolos por parellas.

Gaña o que precise facer menos probas de son con cada bote.



### Outras propostas:

Unha variante sería complicar o xogo en vez de parellas elaborar de 3 en 3 , ou de 4 en catro, ...botes do mesmo material e son, ou incluso de números diferentes. (p.ej: 2 botes con canicas, 4 de area, 3 de moedas... e xuntalos segundo o son que producen)

Outra variante sería dentro do mesmo material introducir cantidades diferentes, e polo son que producen dicir cal contén máis cantidade e cal menos. (Nesta variante quen faría soar os botes sería unha figura “de xuíz” , xa que si os collemos nas nosas máns polo peso saberíamos cal contén máis )

Lembrede : A música non se canta, respírase .

UNHA APERTA E ESPERO VERVOS PRONTO